

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, informa o seguinte:

1º.- Que con data 7 de maio de 1979 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común adoptou a resolución de clasificar como tal o nomeado "Coutada e Outeiro", da pertenza ás Comunidades integradas polos veciños da parroquia de ANGUDES, SENDELLE e FEIXO.

2º.- Que con data 15 de abril de 1997 a comunidade de angudes, en escrito Rexistro de Entrada 7.779, solicitou a transformación do monte "Coutada e Outeiro", consorcio 3082, en Convenio, na parte de monte da súa pertenza de 54 Hás. acompañando certificación do acordo adoptado en asemblea xeral extraordinaria do 23 de marzo de 1997.

3º.- Que a superficie total do monte consorciada en 1943 foi de 180 Has., distribuídas así:

Comunidade ANGUDES	96 Has.
Comunidade SENDELLE	53 Has.
Comunidade FREIXO	31 Hás.

4º.- Que os gastos por traballos, mailos ingresos, na parte do monte da pertenza a ANGUDES, segundo consta na conta do consorcio, foron:

Gastos por traballos	6.735.971 pesetas
Ingresos, incluída a condonación débeda Lei 13/89	5.732.990 pesetas

Saldo a favor da Administración forestal	1.002.981 pesetas.
--	--------------------

5º.- Que da parte de 96 Has. consorciadas, a Comunidade desexa deixar libres 42 Has. garantizándose a débeda coas 25,40 Has. repoboadas existentes na zona a conveniar.

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1º.- Que se aprobe a rescisión parcial de 96 Has. do monte "Coutada e Outeiro", Consorcio 3082 (2ª segregación), da pertenza á Comunidade de Montes Veciñais en Man común de ANGUDES, e

Restar da conta, gastos	6.735.971 pesetas,
Restar da conta, ingresos	5.732.990 pesetas

2º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome: "Monte de Angudes".

Elenco: 3615660.

Superficie: 54 Has.

Pertenza: Comunidade de ANGUDES.

Concello: Crecente.

Saldo inicial da conta: 1.002.981 pesetas.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 1997.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Plácido Baamonde López

Asdo.: Plácido Baamonde López.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,



XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE MONTES
E MEDIO AMBIENTE, AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES

Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de rescisión parcial de 96 Has. do monte "Coutada e Outeiro", consorcio 3082, das que 42 Has. quedarán libres, e as 54 Has. restantes transformándose nun Convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e a Comunidade Veciñal de Angudes, propietaria do citado Monte Veciñal en Man Común "Coutada e Outeiro", sito no concello de Crecente, e a vista dos informes favorables, emitidos pola Sudirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes de Pontevedra, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 1997.



A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'JTR'.

Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe a rescisión parcial de 96 Has. do monte "Coutada e Outeiro", Consorcio 3082 (2ª segregación), da pertenza á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común do ANGUDES, e

Restar da conta, gastos 6.735.971 pesetas

Restar da conta, ingresos 5.732.990 pesetas

2º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome: "Monte de Angudes".

Elenco: 3615660.

Superficie: 54 Has.

Pertenza: Comunidade de ANGUDES.

Concello: Crecente.

Saldo inicial da conta: 1.002.981 pesetas.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 1997.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL;



Asdo.: Antonio Luís Rosón Pérez.

(O. do 13/12/93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

CONVENIO

N.º	36	15660
-----	----	-------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

REUNIDOS

Dunha banda, D. **ANTONIO LUIS ROSÓN PÉREZ**, por delegación do , Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta. **Orde do 13-12-1993**

Da outra, D. **Manuel Ramos Ramos** , como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **de Angudes** , segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerase polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **ano 1946** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) ~~A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (isqueiro, de non existir).~~

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen á **Comunidade integrada por los veciños da parroquia de Angudes.**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **Montes de Angudes**

Termo municipal: **Crecente**

Provincia: **Pontevedra**

Situación administrativa e legal: **monte veciñal en man común**

Límites:

N.: **Mais monte de Angudes e propiedades particulares**

S.: **Montes de Freixo e mais monte de Angudes**

L.: **Mais monte de Angudes e propiedades particulares**

O.: **Resto de montes de Angudes**

Superficie: **54 Has**

Estado forestal: **4,7 Has pinus pinaster; 20,7 Has eucalyptus glóbulus**

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: **--**

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:

25,4 HAS

Sen vexetación arbórea: **28,6 HAS**

Servidumes:

3ª.— O chan continuará pertencendo a **Comunidade de Angudes.**

que achega ó convenio:

- A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- Os terreos descritos na cláusula segunda.
- O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (risquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **50** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **50** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **1** por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerárase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **96 Has do Consorcio 3082 (54 Has en Convenio + 42 Has libres)** que se rescinden.

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o por cento, e a comunidade propietaria, o por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de 25 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será xénero pino

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don RAMONA CELIA FERNANDEZ ALVAREZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común da Parroquia de Angudes, Concello de
Crecente

2.— Que, así mesmo, figura Don Manuel Ramos Ramos, e Don Jose Luis Estevez Alfaro, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 23/3/2001

E para que conste, expido a presente certificación en Pontevedra, a 22 de abril de 1999

Don JOSE LUIS ESTÉVEZ ALFARO, Secretario de Comunidade de montes veciñais en man común de ANGODES

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 23 de marzo de 1997 estando designado Don Manuel Ramos Ramos representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Angudes a vintecatro de marzo de mil novecientos noventa e sete.

O SECRETARIO,

Visto e prace,
presidente

O Manuel Ramos Ramos

Asdo.: **Manuel Ramos Ramos**

José Luis Alfaro

Asdo.: **José Luis estevez Alfaro**

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade

Manuel Ramos Ramos



Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO;

P/D

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: **Antonio Luis Rosón Pérez.**

(O.do 13/12/93)